

Asemblea en Común Extraordinaria

Lugar: Local Ourense en Común - As Burgas

Hora de inicio: 19:30h

Hora estimada de remate: 22:00h

ORDE DO DÍA

0.) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria.

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas extraordinarias aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

O luns 21 de xaneiro do 2016 ás 19:53 h dáse por iniciada a Asemblea extraordinaria.
Apróbase a urxencia da asemblea.

1. Información dos Grupos de Traballo:

1.1.Grupo Apertura

- Encontro das mareas na Estrada

Reuníronse máis de 150 persoas de corenta organizacións. Fixeron unha enquisa sobre motivos da presenza, necesidade e pasos a seguir. Comprometéronse a facer un resumo das mesas de traballo. Houbo unha posta en común e unha quenda de palabras. Houbo un compromiso para a organización da seguinte, aínda que sen data. Falou sobre o Encontro por unha Marea pero sen concretar, ata o momento, nada. Hai un dropobox con máis info.

Falouse de que a confluencia para as galegas debería pasar por ese espazo pero sen concretar.

- Encontro Redes en Toén

É un espazo en construción e intercambio de experiencias . Estruturouse unha minicoordinadora. Hai unha grande diversidade ideolóxica.

1.2. Grupo Legal, Finanzas e Loxística

- Situación das contas

Vaise pedir o proxector e estase esperando o ingreso da subvención para realizar o pago de microcréditos. A administración non publicou no BOE. Hai ata Maio para devolvelo.

Ingresouse o diñeiro deste trimestre na conta do Grupo Municipal

Hai uns 9 000€ na conta.

Mavi. vamos a presentar os datos de gasto do 2105 con superhabit.

- Previsión gastos e ingresos

- Estado actual das doazóns

Pendientes de ingreso – resposta GT Legal. En que conta e canto ingresar en cada conta?

1.3. Comunicación

- Encomendas pendentes

Problemas co fío da rolda de cidadanía. Transmitido a Bruzos (saramaganta)

1.4 Relato a análise

-RECORDATORIO LOOMIO!!!

O loomio está suxeito a uns prazos. A semana antes pecha para poder dar tempo ao GTI de preparar as mocións.

-Orzamentos 2016 , adiados (mes de Marzo??)

Non se van a aprobar en pleno se non en xunta de área.

Falouse de camiñar os barrios. A experiencia en Santa Teresita foi de que había pouca xente. Hai que facer traballo previo tanto en cartelería como en presenza física.

Un dos marcos de traballo ían ser o PXOM e os orzamentos. Estes últimos non se aproban coa RPT. Sen aprobala non se poden validar os orzamentos. O próximo martes hai xunta de voceiros e o punto 2 é o de orzamento.

Ademais de empapelar precisas xuntar con persoas claves en cada barrio. Pódese facer o traballo a través das A.VV. e falar coa directiva e levar tamén propostas.

Hai unha federación que agrupa as A.VV. do rural e empregala como transmisores. Proponse facer un tipo enquisa propondo unha asemblea.

1.6. GT Local

- Situación das obras

Pouca participación no local. O local está pintado. O luns veñen a pór o pladur para ter un almacén para os obxectos de valor. está o mobiliario comprado. Compráronse cadeiras. Esperan ter todo para principios de febreiro.

- Compras pendentes

Vaise traer máis material e mobiliario. A idea é poder recoller todo para os actos. Falta un armario de metal.

Falouse de varias opcións para queantar o local. Electricidade pero non se sabe se vai aguantar a instalación. Valorouse un estufa de bombona.

As ventilacións non permiten meter estufas de pellet.

Queda pintar a ventá de afora.

1.7. GT Repensar OUeC

- Data das xornadas

Proponse como día da xornada o sábado 13 de febreiro. Convocatoria ás 9:30 ata as 2. Con xantar. Pola tarde 16:30 a 20:30 haberá unha posta en común das diferentes mesas e unha presentación da proposta do grupo, discusión, acordo.

Se se aproba comezamos xa coa difusión.

10 días de antelación para poder modificar documentos. Estrutua e plano estratéxico e os constituíntes que se deberían modificar a través do novo plano estratéxico.

Enviaríanse ata tres días antes.

NA XORNADA

Pola mañá: recóllense opinións in situ

Pola tarde: trataranse as enmendas enviadas.

Hai consenso

1.8. Varios

Falouse que se ía facer un curso para os que non son hábiles en novas tecnoloxías. Iso crea problemas internos. Pregunta que cando se fan as xornadas.

Péchase a sesión ás 21:08 H

Fíxase a próxima asemblea para despois de "Repensar OUeC". Semana do 15 ao 19 de febreiro.